


2º CONCURSO FOTOGRÁFICO

«O POLITÉCNICO
NUN **CLICK**»



O tema para esta convocatoria é o **Monte de Conxo**

Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG)
CIFP Politécnico de Santiago

II CONCURSO DE FOTOGRAFÍA PARA O ALUMNADO E O PERSOAL DO CIFP – POLITÉCNICO DE SANTIAGO

O Equipo de Dinamización de Lingua Galega (EDLG) do CIFP Politécnico de Santiago busca fomentar a participación do alumnado e o persoal do centro interesado na fotografía. Por iso organiza o II Concurso Fotográfico “O Politécnico nun click”

Condicións xerais de participación

PRIMEIRA.- A participación no concurso de fotografía é libre para todo o persoal, docente e non docente, e calquera estudante de Ciclo Formativo tanto de Grao Medio como de Grao Superior e FP básica que estea matriculado durante o curso 2014 – 2015.

O período de inscrición e envío de fotografías comeza o **23 xaneiro de 2015** e remata o **27 de febreiro de 2015**

SEGUNDA.- O tema para esta convocatoria é o **Monte de Conxo**. Cada fotografía terá un **título** e unha **explicación** do seu contido **en galego**, nun máximo de 140 caracteres . As imaxes que non se axusten a estas condicións rexeitaranse.

TERCEIRA.- As fotografías teñen que ser orixinais, inéditas e que non resultaran premiadas noutros concursos ou enviadas para a súa publicación.

CUARTA.- Non hai límite ó número de fotografías por participante, se ben, cada participante só poderá recibir un premio. Se resultaran gañadoras dúas ou máis fotografías dun mesmo participante, este só recibirá o premio de maior importancia.

QUINTA.- As fotos presentaranse na biblioteca do CIFP Politécnico impresas en papel, tamaño A4, acompañadas do texto explicativo dentro dun sobre pechado, facilitado polo centro. O sobre ten que levar escrito o título da foto na parte de diante.

Os participantes entregarán, asemade, un segundo sobre pechado, proporcionado polo centro, que tamén levará escrito o título na parte dianteira. Este sobre conterá a seguinte información nun folio A4:

- título da foto
- nome, apelidos e DNI
- ciclo formativo e curso ou labor que desempeña no centro
- teléfono de contacto.

As fotografías presentaranse dunha nunha. En cada sobre só se poderá incluír unha foto co seu documento de texto explicativo. **O autor deberá conservar a foto no formato jpg.**

SEXTA.- Un xurado formado polos compoñentes do EDLG e dous membros do equipo directivo, puntuarán todas as fotos. As dúas fotos que obteñan a maior puntuación recibirán os premio

1º premio: unha tableta dixital

2º premio: libro de fotografía

O xurado poderá deixar deserto calquera dos premios.

O fallo do xurado anunciarase nos **actos de celebración da Semana das Letras**, no mes de maio.

SÉTIMA.- Non se van aceptar fotografías que plasmen ou representen marcas, obras de arte ou todo o que poida estar asociado ou vinculado co dereito de propiedade intelectual ou industrial.

OITAVA.- Os dereitos de autor mantéñense, cedendo os dereitos patrimoniais e legais das fotos a favor do EDLG, citando sempre que sexa oportuno o nome do autor.

A organización do concurso poderá usar as fotos para montar unha exposición no centro, realizar o cartel anunciador de próximas convocatorias ou aparecer no seguinte número da revista MÁIS QUE ... FP